

## Programas de doutoramento curso 2000 - 2001

### Departamento de representación e teoría arquitectónica

**Denominación:**

Arquitectura: Concepción, linguaxe, e composición.

**Profesores responsables:**

José Antonio Franco Taboada  
Antonio Amado Lorenzo

**Departamento ou Instituto:**

Representación e Teoría Arquitectónica.

**Universidade:**

Universidade da Coruña.

**Lugar onde se impartirá:**

Edificio de departamentos de la E.T.S. de Arquitectura

**Tipo de programa:**

Unidepartamental.

**Nº máximo de alumnos:**

20

**Obxetivos xerais do programa:**

O programa plantexa a análise do proceso da concepción arquitectónica a través do dibuxo como linguaxe propia do arquitecto, pero tamén a través dos diferentes procesos de concepción ( Composición, Análise urbana, Deseño estrutural, etc. ) específicos de este proceso.

**Criterios de admisión de estudantes:**

- Título de arquitecto
- Certificación académica
- Entrevista persoal.

**Procedemento de cualificación global:**

Calificación global de aprobado, notable ou sobresaliente resultante da media ponderada das cualificacións obtidas polo doutorando nos cursos e seminarios do periodo de docencia.

**Tribunal para valoración de coñecementos**

**Tribunal titular:**

Presidente: J. Antonio Franco Taboada  
Vocal: Antonio Amado Lorenzo  
Vocal: Rafael Baltar Tojo

**Tribunal suplente:**

Presidente: Pedro de Llano Cabado  
Vocal: Juan Manuel Franco Taboada  
Vocal: José González - Cebrián Tello

## Programas de doutoramento

### Nome do curso:

A representación arquitectónica ata a revolución francesa.  
Historia e análise. (A) Fundamental. 3 Créditos

### Profesor responsable:

José Antonio Franco Taboada

### Obxetivos docentes:

Analizarse a representación arquitectónica desde a prehistoria ata a revolución francesa a través de todo tipo de soportes, como maquetas ou modelos, frescos e, no seu momentos, debuxos dos arquitectos, desde croquis ou bocetos a debuxos de proxecto ou presentación.

### Programa esquemático:

- Introducción. O debuxo de arquitectura.
- Prehistoria e antigüidade.
- Edade media.
- Outras culturas, China e Xapón.
- A formalización da perspectiva.
- O renacemento.
- O século XVII.
- Arquitecturas ilusorias.
- O século XVIII. Os arquitectos da liberdade: Ledoux, Boullée, Lequeu,...

---

### Nome do curso:

A xénese da arquitectura de Le Corbusier. (A) Fundamental. 3 Créditos

### Profesor responsable:

Antonio Amado Lorenzo

### Obxetivos docentes:

Unha reflexión sobre os decisivos cambios que se producen a principios do século XX na arquitectura europea. A interpretación crítica e a superación das correntes modernistas polas vangardas arquitectónicas pre-racionalistas. A paradoxa dunha formación modernista en Le Corbusier, e a materialización do concepto de vivenda residencial colectiva moderna na Unite de Marsella.

### Programa Esquemático:

- Revisións críticas do Modernismo: Adolf Loos en Viena e Auguste Perret en París.
- A obra de Antonio Gaudí e a súa interpretación e crítica por Le Corbusier.
- A formación modernista de Le Corbusier.
- A Unite de Habitación de Marsella como síntese en LC do concepto de arquitectura residencial.

**Nome do curso:**

Teoría da proporción. Análise gráfica. (A) Fundamental.3 Créditos

**Profesor responsable:**

Juan Manuel Franco Taboada

**Obxetivos docentes:**

Ter un coñecemento global e interrelacionado dos diversos pasos dados na teoría da proporción, desde a antigüidade ata os nosos días. O coñecemento do pasado dánol as claves do coñecemento do presente e do futuro. Analizar unha arquitectura por métodos gráficos.

**Programa Esquemático:**

A búsqueda da beleza como causa da idea de proporción.

Concepto de proporción.

Métodos de análise gráfica proporcional.

Proporción humana Versus proporción arquitectónica.

O Modulor de Le Corbusier.

Métodos infográficos de análise proporcional.

---

**Nome do curso:**

Arte e arquitectura no espacio público contemporáneo. (A) Fundamental.3 Créditos

**Profesor responsable:**

José M<sup>a</sup> Ventura Real

**Obxetivos docentes:**

Analiza-la relación entre escultura e arquitectura, entre escultura e urbanismo.

Analiza-las estratexias de actuacións territoriais en colaboracións de técnicos e artistas.

Estudiar a Chiquida. Oteiza, Jod, Serra, Turrel, Ibarrola, Paz...

**Programa Esquemático:**

Estatua e Pedestal.

Monumento e Memoria.

A anulación do pedestal e a conquista do espacio.

Minimal. Novas tecnoloxías e novas propostas.

Implicacións políticas e sociais na creación e xestión do espacio público.

**Nome do curso:**

O feito proxectual e a praxis profesional. (A) Fundamental.3 Créditos

**Profesor responsable:**

Andrés Fernández Albalat - Lois

**Obxetivos docentes:**

Plantexamentos conceptuales, teóricos e temas prácticos de oficio.

Reflexións que poidan motivar outras profundizacións sobre procesos e métodos no proxectar.

E no exercicio da profesión, realismo, imaxinación. E o novo perfil do arquitecto.

**Programa Esquemático:**

Proxectar. Intelixencia. Programas.

O lugar. territorio, paisaxe. Ver, percepción.

Feito creativo/ feito proxectual. Intuición/Intelecto,

Tempo, Ocio. Espacio.

Linguaxe. Xeometría. Trazados.

O proxecto. A obra. Tecnoloxía. Materiais.

Prefabricación, Arquitectura neumática.

Cor. Acústica.

Rehabilitacións.

**Nome do curso:**

Historia dos sistemas estruturais. (A) Fundamental.3 Créditos.

**Profesor responsable:**

Juan Pérez Valcárcel

**Obxetivos docentes:**

Proporcionar ó alumno os datos precisos para a correcta comprensión do problema estrutural na Historia, así como proporcionarlle a información básica para aborda-la rehabilitación monumental dende o punto de vista da estrutura.

**Programa esquemático:**

Estructuras na antigüedade, Edade Media, Renacemento e Barroco.

Formación dos conceptos estruturais nos séculos XVII e XVIII.

Ferro e a enxeñería dos ferrocarris.

Formigón armado.

**Nome do curso:**

Cubertas con estrutura de madeira laminada. (C) Campos afíns. 4 Créditos

**Profesor responsable:**

Francisco Javier Estévez Cimadevila

**Obxetivos docentes:**

Proporcionar ó alumno unha visión xenérica sobre as posibilidades do uso da madeira laminada na construción de grandes estruturas de cuberta. Aportar ferramentas de cálculo para a súa comprobación resistente.

**Programa esquemático:**

Antecedentes.  
Entramados.  
Arcos.  
Celosías llanas.  
Estructuras espaciais.

---

**Nome do curso:**

Modelización de curvas e superficies para o dexeño na enxeñería.  
(C) Campos afíns. 4 Créditos.

**Profesor responsable:**

Ramón Martul Álvarez de Neyra

**Obxetivos docentes:**

Familiariza-lo alumno coas principais técnicas de creación, interpretación e exportación de curvas e superficies para deseño en enxeñería.

**Programa esquemático:**

Curva e superficies dadas polas súas ecuacións: xeración, propiedades.  
Curvas gráficas: estudio local, medida e transporte.  
Empaquetamentos llanos, mosaicos e baldosas.  
Volcado a Autocad de tódolos deseños xerados.

**Nome do curso:**

H.H. Richardson e as orixes da arquitectura norteamericana.  
(C) Campos afíns. 3 Créditos

**Profesor responsable:**

Xosé Fernández Fernández

**Obxetivos docentes:**

Coñecemento da realidade arquitectónica norteamericana nos seus inicios.  
Relacións entre arquitectura europea e norteamericana no século XIX.  
Análise da obra de H.H. Richardson e a súa influencia.

**Programa esquemático:**

Exposición comentada e crítica da arquitectura norteamericana do século XIX.  
Participación activa dos alumnos ó remate da exposición dos temas.  
Traballo de curso sobre aspectos inéditos da arquitectura norteamericana do século XIX.

---

**Nome do curso:**

Patrimonio iberoamericano. (C) Campos afíns. 3 Créditos.

**Profesor responsable:**

José Ramón Soraluze Blond

**Obxetivos docentes:**

Coñecemento da arquitectura hispanoamericana e portuguesa-brasileña de carácter histórico.

**Programa esquemático:**

España e Portugal creadores de culturas arquitectónicas propias.  
A súa proxección en Iberoamérica.  
Patrimonio monumental e Patrimonio urbano.  
Características propias e invariantes da arquitectura iberoamericana histórica.

**Nome do curso:**

Arqueoloxía da arquitectura. (A) Fundamental. 3 Créditos.

**Profesor responsable:**

Juan Cano Pan

**Obxetivos docentes:**

Análise xeral da arquitectura desde unha perspectiva arqueolóxica desde as primeiras civilizacións ata a Época Medieval, centrándose no desenvolvemento arquitectónico e urbano.

**Programa esquemático:**

Arquitectura e Arqueoloxía consideracións xerais.

Arqueoloxía da arquitectura das primeiras sociedades urbanas.

Arqueoloxía e arquitectura no Mundo Clásico.

Arqueoloxía e arquitectura no Mundo Medieval.

**Nome do curso:**

Técnicas de ensaio e documentación como apoio na investigación tecnolóxica.  
(B) Metodolóxico. 3 Créditos

**Profesor responsable:**

Joaquín Fernández Madrid

**Outros profesores:**

Miguel Maestro

**Obxetivos docentes:**

Introducir ós alumnos nos procedementos e técnicas de ensaio, así como a súa validación e interpretación na investigación tecnolóxica. Introducir ós alumnos no emprego de ferramentas informáticas de apoio na documentación de traballos de investigación.

**Programa Esquemático:**

Especificidade da investigación e ensaios en tecnoloxía.

Laboratorios de apoio dos servizos xerais da UDC

Laboratorios de apoio nos centros tecnolóxicos da UDC

Servizos informáticos de apoio á investigación.

**Nome do curso:**

Metodoloxía e técnicas de investigación aplicadas a arquitectura.

(B) Metodolóxico. 3 Créditos

**Profesor responsable:**

José Benito Rodríguez Cheda

**Obxetivos docentes:**

Introducir ós alumnos nas técnicas de traballo intelectual e na metodoloxía de investigación en ciencias experimentais e tecnoloxía.

**Programa Esquemático:**

Breve historia da ciencia e a tecnoloxía.

Os límites e validez dos coñecementos científicos

¿ Como se fai unha tese de doutoramento?.

¿ Como se escribe unha tese de doutoramento?.

¿ Como se investiga? Documentación.

A tese de doutoramento en construción.

A tese de doutoramento en tecnoloxía.

---

**Nome do curso:**

Teoría e historia da intervención no patrimonio arquitectónico.

(B) Metodolóxico. 3 Créditos

**Profesor responsable:**

José Benito Rodríguez Cheda

**Obxetivos docentes:**

Introducir ós alumnos na historia da restauración arquitectónica e dilucidar os criterios de intervención no patrimonio, dende o século XIX.

**Programa Esquemático:**

A restauración arquitectónica ata o século XIX.

Ruskin e Viollet le Roc

G. Vallarier E.R. Stern.

O restauro científico: C. Boito. Giovanxloni.

O contexturalismo en Italia.

Restauo nos nosos días.